

*RESOLUCIÓN de 27 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban os listados definitivos de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral reguladas pola Orde do 15 de abril de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 30 de abril)*

De conformidade co disposto no artigo 11 da Orde do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da interesada ou interesado, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 4, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 5 de decembro de 2018 (DOG do 21 de decembro).

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar os listados definitivos de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Publicar no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> os listados definitivos de primaria, secundaria, relixión citados.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que resulte competente segundo o establecido na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

P.A. O secretario xeral técnico  
(Resolución de 20 de xullo de 2020)  
Jesús Oitavén Barcala

